

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:

CIF: P1506900H



concello@ponteceso.net

REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Pontevedra (A Coruña)

PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICO/A DE MUSEO, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL

En Pontevedra, sendo as 12 horas do día 4 de novembro de 2019, no Salón de Plenos da Casa do Concello constitúese o Tribunal que haberá de xulgar o proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para Técnico/a de Museo, en réxime laboral temporal, para a realización da segunda proba do proceso selectivo e valorar a fase concurso, e, se procede, elevar a proposta de formación da bolsa de emprego.

Preside D^a. Lucía Mata Rodríguez, Interventora do Concello de Pontevedra; actúa como secretario D. Emilio Caínzos Quintás, secretario do Concello de Pontevedra; como vogais D. Francisco Javier Ulloa Arias, Interventor do Concello de Cambre; D. José Martínez Názara, coordinador de actividades culturais e deportivas do Concello de Cambre; e D. Pablo Bouza Suárez, xefe do servizo de cultura e educación do Concello de Culleredo.

Pola resolución da alcaldía núm. 664/2019, de 24/10/2019, acordouse aprobar a listaxe de admitidos ao procedemento selectivo, nomear aos membros do tribunal, e fixar a data da celebración da primeira proba para o día 28 de outubro de 2019, ás 12 horas. Publicouse a mesma na páxina web municipal, www.ponteceso.gal, e no taboleiro de anuncios.

Na sobredita relación definitiva de admitidos, ao non haber excluídos, figura só a seguinte aspirante: D^a. Sonia María Castro Rodríguez. O día 28 de outubro celebrouse a primeira proba, na que o tribunal outorgou a seguinte puntuación á única candidata presentada e admitida:

1º EXERCICIO

<u>Aspirante</u>	<u>Respostas correctas</u>	<u>Cualificación</u>
CASTRO RODRÍGUEZ, SONIA MARÍA	29	2,175- APTA

O tribunal acordou convocar á aspirante que acadou a cualificación de APTA á realización do segundo exercicio, o cal se realizará ás 12.00 horas do día 04-11-2019, no salón de Plenos da Casa do Concello de Pontevedra, por medio do anuncio na páxina web municipal, www.ponteceso.gal e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Comparece a aspirante CASTRO RODRÍGUEZ, SONIA MARÍA, e procédese á realización do segundo exercicio que consiste, de conformidade coas bases, na redación dunha proposta de actuación no Museo Torres Pujales, de Corme, na que se reflectan tanto as funcións, como a dinamización por medio de actividades a desenvolver no devandido centro. O tempo máximo para a realización da proba será de 1 hora e 30 minutos. Comeza o exercicio ás 12.05, e terá de tempo máximo ata as 13.35 horas.

Rematado o exercicio, ás 13.15 horas, o tribunal procede á lectura e corrección do exercicio, outorgando a seguinte cualificación:

2º EXERCICIO

<u>Aspirante</u>	<u>Cualificación</u>
CASTRO RODRÍGUEZ, SONIA MARÍA	1- NON APTA

De conformidade coas bases reguladoras do proceso selectivo ao non acadar a cualificación de APTA no segundo exercicio, cómpre proceder á súa exclusión do proceso.

O Tribunal acorda:

1º.- Declarar NON APTA á candidata SONIA MARÍA CASTRO RODRÍGUEZ, o que conleva á súa exclusión do proceso selectivo, e polo tanto deserta a bolsa de emprego de Técnico/a de Museo, en réxime laboral temporal.

2º.- Publicar na sede electrónica municipal, e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, a acta do tribunal. recorrerse en alzada perante a Alcaldía, sen prexuízo da presentación de alegacións aos acordos de avaliación dos exercicios na fase de oposición ou concurso.

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail:

CIF: P1506900H



concello@ponteceso.net

REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15


CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Pontevedra (A Coruña)

Sendo ás trece horas e trinta minutos do devandito día a Presidenta remata a reunión do tribunal e redáctase a acta, por min o secretario, do todo o que dou fe.

Pontevedra, 4 de novembro de 2019.

A Presidenta,


Lucía Mata Rodríguez

O Secretario


Emilio Cainzos Quintás

Os vogais,


Francisco Javier Ulloa Arias


José Martínez Názara


Pablo Bouza Suárez